


Instalación da protección MRN3-3. Ocos de tensión

Data: 23/02/2006, nova instalación dun relé detector de ocos de tensión con osciloperturbógrafo.

SOTAVENTO no seu espírito de innovación, a través da sinatura de proteccións técnicas **SEG**, instala o primeiro relé de protección modelo MRN3-3 que verifica plenamente a curva tensión-tempo admisible no punto de conexión definida por REE, tanto para as fallas simétricas como asimétricas. Todo disparo queda rexistrado para poder avaliar de maneira sobresaínte a súa oscilografía.

O relé permite definir dúas curvas de actuación definibles como alarma ou disparo e á súa vez como falla simétrica ou asimétrica. No equipo hase definir un valor de mínima tensión de arranque como orixe da perturbación para proceder a avaliar a recuperación da tensión da rede nos tempos prefixados (segundo REE o despejo da falla é preciso realizalo en tempos inferiores ou iguais a 500 ms). En cada curva defínense cinco puntos característicos distintos cos seus correspondentes tempos de actuación. Coa utilización de ambas as dúas características pódese definir perfectamente a zona de recuperación da tensión no punto de conexión como se amosa na curva definida por REE que aparece na figura seguinte:



Curva de tensión-tempo admisible no punto de conexión para as fallas trifásicas.

Ademais, o relé garda os valores de disparo de tensión e frecuencia, así como os valores mínimos e máximos da frecuencia da rede e dos gradientes df/dt correspondentes dende o último RESET do relé. Como características adicionais, o relé MRN3-3 incorpora as funcións habituais de mínima e máxima tensión (27/59), mínima e máxima frecuencia (81M/81m) e gradiente de frecuencia df/dt .

Datos Instalación Relé MRN3-3

Tensión Evacuación: 132 kV
 Tensión medida no secundario: 110 V
 Relación: $132.000/\sqrt{3} / 110/\sqrt{3}$
 Conexión: Estrela

Axuste do disparo para as FALTAS ASIMÉTRICAS	Arranque (85% Un)	U1	U2	U3	U4	U5
Tensión de fase en Vca (secundario)	54	38	38	51	54	54
Porcentaxe tensión	85 %	60 %	60 %	80 %	85 %	85 %
Tempo (ms)	0	0	500	1.000	15.000	60.000
Axuste do disparo para as FALTAS SIMÉTRICAS	Arranque (85% Un)	U1	U2	U3	U4	U5
Tensión de fase en Vca (secundario)	54	13	13	51	54	54
Porcentaxe tensión	85 %	20 %	20 %	80 %	85 %	85 %
Tempo (ms)	0	0	500	1.3.000	15.000	60.000
Axuste do disparo para subtenión temporizada actual (27)	Arranque (85% Un)	U1	U2	U3	U4	U5
Tensión de fase en Vca (secundario)	54	54	54	Disparo realizado na subestación!!! Imposible comprobar si os aeroxeradores cumpren a curva REE		
Porcentaxe tensión	85 %	85 %	85 %			
Tempo (ms)	0	0	500			

Foto da instalación do relé MRN3-3:

